

NORMATIVA RECOLLIDA DE ALIMENTOS - XOGUETES



Co fin de garantir as condicións mínimas de hixiene e salubridade sanitaria no momento no que nos atopamos, pregamos teñades en conta estas mínimas normas para facer as vosas doazóns de xeito que o xesto de solidaridade non sexa un mero requisito senón unha acción na que poñemos o corazón desexando para os demais o que a nós nos gustaría recibir.

RECOLLIDA DE ALIMENTOS

- Os alimentos doados deben estar en boas condicións: embalaxe, caducidade, etc...
- Só se poderá doar mercancía non perecedeira quedando excluídos alimentos frescos.
- As doazóns depositaranse nas caixas establecidas para elo nos corredoiros.
- Non se entrará ás aulas con ningunha bolsa para así garantir as condicións hixiénicas e de salubridade.
- Cada quen traerá a doazón nunha bolsa preferentemente reutilizable que levará de volta para casa.
- Na medida das vosas posibilidades pregamos que os alimentos veñan desinfectados da casa.
- As doazóns son totalmente voluntarias polo que se apela á responsabilidade individual á hora de facelas non sendo este tema obxecto de ningún tipo de rivalidade ou competitividade.

RECOLLIDA DE XOGUETES:

- Os xoguetes donados virán en perfectas condicións quedando así prohibida a doazón de xoguetes rotos, en mal estado ou aos que lle falten pezas.
- Os xoguetes deben vir nunhas condicións hixiénicas perfectas: totalmente limpos e desinfectados e a ser posible envoltos nun film transparente para evitar contaxios durante a súa manipulación.
- Quedan prohibidos xoguetes que inciten á violencia de calqueira tipo.
- Cando os xoguetes doados sexan con pilas, é preciso quitarlle as pilas para evitar na medida do posible a contaminación do medioambiente ou para evitar roturas e fluídos.